

Política de rexistro de .gal

Definicións

A presente política de rexistro describe os termos e condicións polos que se rexerá o rexistro dos nomes de dominio .gal. Nesta política de rexistro:

- a. **“Solicitante de rexistro” ou “solicitante”** refírense ás persoas ou entidades que desexan rexistrar un nome de dominio .gal.
- b. **“Operador do rexistro” ou “operador”** fai referencia á Asociación PuntoGal, en calidade de entidade responsable de xestionar o dominio de primeiro nivel .gal.
- c. **“ICANN”** designa á Corporación da Internet para a Asignación de Nomes e Números.

1. Aceptación da política de rexistro

- 1.1. Ao solicitar o rexistro dun nome de dominio .gal, así como o seu mantemento ou renovación, o usuario comprométese a cumprir e aceptar:
 - a. a política de rexistro establecida pola Asociación PuntoGal (como entidade responsable de xestionar o dominio de primeiro nivel .gal), coas modificacións que se puideran realizar dela;
 - b. o contrato de rexistro fornecido polo rexistrador acreditado e patrocinador (por exemplo, organizacións acreditadas pola ICANN e o Operador de Rexistro que ofrezca servizos de rexistro de dominios .gal), a través de quen solicitou o nome de dominio .gal; e
 - c. outras políticas que adicionalmente poida requirir a ICANN actualizadas periodicamente.
- 1.2. Pola presente o solicitante declara que as afirmacións que figuran no contrato de rexistro asinado co rexistrador acreditado e patrocinador do seu nome de dominio .gal son exactas e veraces.
- 1.3. Será responsabilidade do solicitante determinar se o rexistro e uso do nome de dominio .gal cumpren co disposto na política de rexistro.
- 1.4. O nome de rexistro de .gal deberá axustarse ás normas de sintaxe establecidas pola ICANN e PuntoGal, e non coincidirá con ningún dos nomes reservados. O solicitante acepta que se poderán cancelar, sen

dereito a reembolso, os nomes de rexistro que non cumpran coas normas de sintaxe, non respecten algún dos nomes xa reservados ou contraveñan algún dos puntos descritos nesta política de rexistro. A Asociación PuntoGal non será responsable en ningún caso da cancelación do rexistro.

- 1.5. Non se poderá garantir a obtención do nome de rexistro desexado, mesmo se no momento da solicitude de rexistro este estaba dispoñible.
- 1.6. O solicitante acepta que o rexistro do nome de dominio .gal escollido non o exime de eventuais oposicións ao rexistro ou ao seu uso, tal e como se describe posteriormente na sección 5.

2. Requisitos de elixibilidade

2.1. Vinculación coa comunidade .gal.

Para o rexistro ou renovación dun nome de dominio .gal o solicitante debe ser unha persoa física ou xurídica cunha vinculación coa comunidade .gal tanto no momento do rexistro, como con posterioridade.

O rexistro de nomes de dominio TLD .gal quedará restrinxido aos que cumpran os seguintes requirimentos:

- a) Ser membro de boa fe da comunidade lingüística e cultural galega na Rede. A comunidade está integrada por aqueles que empregan (ou se comprometen a empregar) a lingua galega nas súas comunicacións en liña, promoven diferentes aspectos da cultura galega en liña ou dirixen especificamente as súas comunicacións e servizos en liña a esta comunidade.
- b) O comportamento do solicitante dun nome de dominio na comunidade lingüística e cultural galega, así como o uso que faga do nome de dominio rexistrado, deberán ser:
 - a. aceptados xeralmente como lexítimos
 - b. beneficiosos para a causa e valores da comunidade lingüística e cultural galega
 - c. proporcionais á función e importancia do nome de dominio rexistrado de boa fe no momento do rexistro e con posterioridade.

Os solicitantes deberán especificar o uso que desexan darlle ao nome de dominio rexistrado. Toda declaración falsa sobre este uso será considerada como actuación de mala fe e poderá ser motivo de suspensión do nome de dominio.

Logo do rexistro do nome de dominio .gal e durante toda a súa vixencia, o solicitante deberá ser quen de acreditar calquera dos campos aplicables mencionados. A vinculación coa comunidade estará suxeita a unha validación posterior por medio dun programa de cumprimento exhaustivo baseado nos mesmos criterios establecidos para o TLD.

2.1.2 Nomes Xeográficos

Para rexistrar nomes xeográficos de calquera das áreas onde o galego é unha lingua autóctona, de monumentos, símbolos ou marcas, ou calquera outro nome icónico localmente relevante, incluíndo así mesmo variacións e abreviacións, o solicitante deberá ter permiso da Asociación PuntoGal.

2.1.3 Nomes de Autoridades Públicas e Servizos Públicos

Para rexistrar:

- a. Os nomes de Autoridades Públicas de calquera nivel nas zonas onde o galego é unha lingua autóctona ou teña competencias sobre ela, incluíndo así mesmo variacións e abreviacións, ou outros termos de uso común para describilos; e
- b. Nomes directa ou indirectamente relacionados cun servizo público onde o galego é unha lingua autóctona nos que teñen responsabilidades específicas as Autoridades Públicas (incluíndo por exemplo, orde e seguridade pública, asuntos públicos, sanidade pública, taxas, promoción e desenvolvemento económico, transporte, planificación urbanística e protección ambiental, cultura e educación, participación cidadá e turismo);

O solicitante debe ter permiso das Autoridades Públicas arriba mencionadas. Nesta sección as Autoridades Públicas inclúen as internacionais, nacionais e locais, así como as autoridades municipais, incluíndo pero non limitando as axencias, consorcios, comisións e outra división das zonas onde o Galego é lingua autóctona ou ten competencias sobre ela.

2.2 Norma "O primeiro que chega, primeiro o leva"

Fóra dos casos especiais ofrecidos en certas fases do rexistro, o rexistro de nomes de dominio de primeiro nivel baixo o .gal, é tratado baixo a base "O primeiro que chega, primeiro o leva", por exemplo, as solicitudes de rexistro son procesadas por orde cronolóxica de recepción.

2.3 Normas de Sintaxe

O nome de dominio .gal debe estar de acordo cos estándares establecidos pola ICANN.

Os números, letras, guións e todos os caracteres usados en galego ou outros idiomas que usen o alfabeto latino son aceptados.

2.4 Nomes Reservados

O Operador de Rexistro pode baixo certas condicións, se se lle solicita, excluír do rexistro certos nomes de dominio .gal.

2.4.1 Nomes reservados esixidos pola ICANN

A ICANN proporcionou unha lista de categorías de nomes de dominios que o Operador de Rexistro debe excluír do rexistro, excepto baixo certas condicións. Esas condicións están descritas na Especificación 5 do Acordo de Rexistro. O "Acordo de Rexistro" refírese ao contrato asinado polo Operador de Rexistro e a ICANN o 7 de novembro de 2013, e dispoñible en <https://www.icann.org/resources/agreement/gal-2013-11-07-en>

2.4.2 Nomes reservados polo Operador de Rexistro

O Operador de Rexistro reserva baixo o seu criterio:

- a. A facultade de establecer que certos nomes de dominio non están dispoñibles para rexistro, ou só permitir a súa asignación baixo certas condicións;
- b. O dereito a determinar o tempo e condicións baixo as que os mencionados nomes de rexistro poderán estar rexistrados ou como deberán ser usados; e
- c. O dereito a publicar ou non a lista dos termos de reserva.

3. Uso do nome de dominio .gal

O solicitante de rexistro comprométese a:

- a. facer un rexistro e uso responsables do nome de dominio .gal. Se o solicitante autorízase o uso do nome de dominio .gal por parte dun terceiro, será responsable de calquera uso ilícito que este faga del.
- b. que o uso do nome de dominio .gal sexa:
 - i. aceptado xeralmente como lexítimo
 - ii. beneficioso para a causa e valores da comunidade lingüística e cultural galega

- iii. proporcional á función e importancia do nome de dominio rexistrado
 - iv. de boa fe no momento do rexistro e con posterioridade a este.
- c. O operador de rexistro considerará ilícitos os nomes que non cumpran con algún dos requisitos especificados anteriormente, ou cuxos usos:
- induzan a erro ou enganen ao público, por exemplo en relación ao lugar xeográfico ao que se refiren ou ao carácter oficial da súa orixe
 - se aproveiten de forma fraudulenta do significado principal ou reputación que o público lle outorga ao nome seleccionado
 - obstaculicen os posibles contidos do nome de dominio en cuestión, desde o punto de vista do interese público, tendo en conta o significado principal do nome (é dicir, se son de natureza descritiva ou xenérica) e a reputación que o público relevante lle atribúe a ese nome.
- d. Evitar aqueles usos do nome de dominio .gal que violen os dereitos de terceiros, incluídos os seus dereitos de propiedade intelectual no sentido máis amplo.
- e. Non ofrecerlle a terceiros, en calidade de servizos de rexistro comercial, o nome de dominio .gal para rexistrar nomes de dominio de terceiro nivel.
- f. Non facer uso do nome de dominio .gal para enviar publicidade non solicitada contraria á lexislación vixente e ás políticas da Rede consideradas aceptables.
- g. Non participar na distribución de programas maliciosos, utilización fraudulenta de redes robot, suplantación de identidades, actos de piratería informática e violación de dereitos de autor ou marcas, prácticas fraudulentas ou enganosas, falsificacións, así como en calquera actividade que contraveña a lexislación vixente.
- h. Non facer uso do nome de dominio .gal con fins de venda, revenda ou transferencia de nomes de dominio, nin axudar a un terceiro, directa ou indirectamente, a conseguir dito fin.
- i. Non empregar o nome de dominio .gal de xeito que prexudique ou desacredite o nome, a imaxe ou a reputación da comunidade .gal.

Reserva dos dereitos exclusivos

- 4.1 A Asociación PuntoGal terá dereito, ao seu criterio, a:
- a. denegar ou cancelar calquera nome de dominio solicitado ou rexistrado que non cumpra con algún dos requisitos de elixibilidade descritos na sección 2 (falta de vinculación coa comunidade).
 - b. suspender e/ou cancelar o rexistro de calquera nome de dominio .gal naqueles casos nos que o solicitante de rexistro perdera a vinculación coa comunidade .gal, como se require na cláusula 2.1.

A decisión de PuntoGal de conceder, denegar e/ou suspender o nome de dominio .gal, tal e como se describe neste punto 4.1, pode ser impugnada a través da política de resolución de disputas sobre elixibilidade e reconsideración (ERDRP), descrita na cláusula 5.1 c.

4.2 PuntoGal e os rexistradores acreditados poderán conceder, denegar e/ou suspender o rexistro do nome de dominio, ao seu criterio, nos casos en que:

- a. non se cumpra a presente política de rexistro, incluíndo aqueles casos nos que o nome de dominio .gal contravén algunha das obrigas descritas na cláusula 3;
- b. se proporcione información de contacto inexacta e pouco fiable e esta non se actualice con prontitude por causas intencionadas ou negligentes;
- c. non se responda, no prazo de dez (10) días, ás consultas do rexistrador ou cesionario que patrocina o rexistro ou de PuntoGal en relación á exactitude da información de contacto ou a calquera outra incidencia asociada ao nome de dominio;
- d. se sospeite que o solicitante ou un terceiro incorre en actividades ilícitas relacionadas co uso do nome de dominio .gal;
- e. se sospeite que o nome de dominio pode infrinxir os dereitos de terceiros;
- f. solicitante adopte condutas que fagan que PuntoGal ou os seus rexistradores acreditados contraveñan o disposto na lexislación vixente ou por calquera autoridade competente, orde pública ou contrato con terceiros; e/ou

g. a lexislación en vigor, un xulgado ou tribunal de xustiza ou calquera outra autoridade competente o requira.

No caso de detectarse un incumprimento da política de rexistro ou falta de veracidade dos datos, o solicitante recibirá unha notificación para aclarar ou emendar a situación. De non resolverse no prazo estipulado (30 días), o nome de dominio suspenderase outros trinta (30) días. O nome de dominio .gal cancelárase a non ser que se emende o incumprimento neste prazo estipulado. O solicitante entende e acepta que no caso de suspensión ou cancelación do nome de dominio .gal, tal e como se establece na cláusula 4.2, non lle serán reembolsadas as taxas de rexistro, nin terá dereito a compensación nin indemnización de clase ningunha.

Poderá impugnarse a decisión de suspender ou cancelar a concesión dun nome de dominio .gal a través da política de resolución de disputas sobre elixibilidade e reconsideración (ERDRP) da cláusula 4.2, dispoñible en <http://dominio.gal/normativa>

4.3. PuntoGal poderá denegar, suspender, modificar o estado, cancelar e/ou transferir calquera nome de dominio que considere oportuno co fin de (i) protexer a integridade, seguridade e estabilidade do rexistro .gal; (ii) cumprir coa lexislación vixente e requirimentos legais de acordo co proceso de resolución de disputas e (iii) evitar calquera responsabilidade, civil ou penal, por parte de PuntoGal ou dos seus axentes, responsables, directores, representantes, empregados e socios.

4.4. A non ser que a falta de cumprimento sexa corrixida neste prazo ou haxa un desafío de competencia aberto, o nome de dominio .gal será suspendido por un tempo adicional ou cancelado. En caso de suspensión ou cancelación do nome de dominio .gal baixo este artigo, non se fará reembolso das taxas do rexistro.

4.5. O Operador de Rexistro tamén reserva para si o dereito a negar, suspender, modificar o status, cancelar ou transferir calquera rexistro que considere necesario co fin de:

- a) protexer a integridade, seguridade e estabilidade do rexistro .gal,
- b) evitar calquera responsabilidade por parte da Asociación PuntoGal, os seus axentes, conselleiros, directores, representantes e empregados,
- c) cumprir con todas as leis e regulamentos aplicables, ou con calquera proceso de resolución de disputas,
- d) cumprir con calquera orde dunha Corte de xurisdición competente.

5. Resolución de disputas

O solicitante acepta e acata as políticas e procedementos de resolución de disputas aplicables sobre o nome de dominio .gal desenvolvidas polo

operador do rexistro e a ICANN. En concreto, acepta acatar as seguintes políticas de resolución de disputas:

5.1. A política uniforme de resolución de disputas sobre nomes de dominio (UDRP) adoptada pola ICANN, dispoñible no enderezo <http://www.icann.org/en/help/dndr/udrp/policy> e mencionada neste documento como referencia. As recusacións sobre o rexistro dun nome de dominio .gal que presente un terceiro seguindo os procedementos establecidos na UDRP resolveranse segundo as normas publicadas no enderezo <http://www.icann.org/en/dndr/udrp/uniform-rules.htm>, así como as regras establecidas polo fornecedor do servizo de resolución de disputas administrativas.

5.2. A política de suspensión rápida uniforme (URS) e o procedemento URS adoptados pola ICANN, dispoñibles no enderezo <http://newgtlds.icann.org/en/applicants/urs>; así como calquera outra política de resolución de disputas establecida pola ICANN, incluídos os procesos urxentes para a suspensión dun nome de dominio impugnado por titulares de dereito de propiedade intelectual.

5.3. A política de resolución de disputas sobre elixibilidade e reconsideración (ERDRP), que establece os termos e condicións para as recusacións das decisións adoptadas pola Asociación PuntoGal sobre a elixibilidade para o rexistro dun dominio .gal, dispoñible no enderezo <http://dominio.gal/normativa>.

6. Rexistro de Datos e Sección de Privacidade

Esta sección infórmao sobre o noso procesamento no seu rexistro de datos de acordo coa política da ICANN, a Política Xeral de Protección de Datos da Unión Europea e outras leis aplicables en protección de datos.

Controladores

ICANN, Nós como Operador de Rexistro e vostede coma Rexistrador, e eventualmente os seus Resellers, somos controladores unidos (ou Procesadores de datos onde sexa especificado) para o seu procesamento de Datos que se require para levar a cabo o rexistro de nomes de dominios, como se describe nesta sección. Principalmente este procedemento inclúe, entre outras cousas, as vendas e transferencias de nomes de dominio, facendo que o seu nome de dominio resolva e proporcionando a información a través do servizo de Whois.

O rol da ICANN, unha corporación sen ánimo de lucro californiana USA, é establecer as políticas en aspectos que inclúen a recolección e publicación dos datos así como asegurar que o sistema é seguro, estable e resistente.

Pode atopar máis información sobre a ICANN aquí

<http://icann.org>

A ICANN requírenos contractualmente a Nós e o Rexistrador procesar os datos persoais e reforzar esas obrigacións contractuais, que-en parte- son políticas establecidas pola comunidade multisectorial da ICANN. A ICANN tamén solicita ás partes contratadas que envíen informes regularmente.

É o rol do Rexistrador, e/ou revendedor, ofrecer rexistros de nome de dominios e outros servizos potenciais aos Rexistrantes. De acordo cos requirimentos da ICANN, os datos de rexistro son recollidos polo Rexistrador e logo transferidos ao Rexistro.

O rol do Rexistro é manter un repositorio central de tódolos rexistros de nome de dominio e resolvelos vía o Sistema de Nomes de Dominio (DNS). O Rexistro non ofrece rexistros de nome de dominio directamente aos rexistrantes.

Pode contactar connosco aquí:

ASOCIACIÓN PUNTOGAL

Rúa Tabernas, 11

15001, A Coruña

Phone: +34 670226268

E-Mail: info@dominio.gal

Os datos que recollemos

Como comunidade baseada no TLD temos uns requirimentos específicos de Rexistro de Datos.

Os Rexistradores están obrigados a recoller os datos nos seguintes contactos e transferirnos eses datos.

- Nome de dominio
- Servidores de nome
- Nome do Rexistrante
- Organización do Rexistrante
- Rúa do Rexistrante
- Cidade do Rexistrante
- Código Postal do Rexistrante

- Provincia do Rexistrante
- País do Rexistrante
- Teléfono do Rexistrante
- Ext do Teléfono do Rexistrante
- Fax do Rexistrante
- Ext de Fax do Rexistrante

Os mesmos datos para o rexistrante aplícanse ao contacto Admin e o contacto Tech. Os mesmos datos tamén se aplican para o contacto de Facturación, sendo este último opcional.

Uso previsto: adicionalmente, vostede pode ofrecer o uso previsto para o seu nome de dominio.

Base Legal para a recollida

A base legal para a recollida da información persoal nestes contactos é o Art. 6 I b do GRPD. Para o Rexistrante e o uso previsto é preciso levar a cabo o rexistro de nome de dominio cos requirimentos de elixibilidade específicos e para validación post-rexistro co fin da execución do contrato; para o Contacto Administrativo é que sexa capaz de levar a cabo as operacións de xestión do nome de dominio, tales como transferencias, cumprimento e outras; e para o Contacto Técnico é o seu contacto en caso de asuntos técnicos.

Cando os datos de terceiras partes son recollidos, i.e. cando o Rexistrante, o Contacto Administrativo ou o Contacto Técnico son diferentes á(s) persoa(s) dos que o Rexistrador recolle os datos, o Rexistrador é responsable de informar a esas terceiras partes dos termos desta política de Rexistro, incluíndo todas as disposicións correspondentes a privacidade.

A ICANN, Rexistro e Rexistrador, e eventualmente, o reseller do Rexistrador son os Controladores dos Datos.

Transferencia de datos ao Rexistro

Solicítase tamén ao Rexistrador que nos transfira os datos mencionados arriba. A base legal para isto é o Art. 6 I f do GDPR xa que temos interese lexítimo en identificar e investigar padróns de comportamento ilegal, axudar con disputas de propiedade e operar como repositorio central dos donos dos datos.

Para esta actividade de procesamento, a ICANN e o Rexistro son os Controladores dos Datos e o Rexistrador é o Procesador dos Datos.

Procesamento de datos por terceiras partes

Nós estamos usando un Proveedor de Servizos Backend de Rexistro como terceira parte (CORE Association) con base en Suíza, que é o Procesador de Datos do seu Rexistro de Datos.

Nós, como Procesadores de Datos, tamén pasaremos os datos a un axente de custodia como require a ICANN (Controlador de Datos) e os datos poden ser transferidos a un Operador Backend de Emerxencia (EBERO) nomeado pola ICANN en caso de fallo no Rexistro.

Divulgación de datos

Non publicaremos datos persoais no whois ou outra divulgación dos tues Datos de Rexistro a unha terceira parte ademais do nome do dominio excepto nos casos aos que se refire o seguinte parágrafo.

A divulgación de datos persoais só ocorrerá se se establece unha base legal para esa divulgación baseada nunha avaliación individualizada. A base legal para esta divulgación debe ser o Art. 6 I b (en caso do URDP e o URS), o Art. 6 I c (en caso de solicitudes de autoridades competentes) e o Art. 6 I f (baseados nos intereses lexítimos de terceiras partes)

Na ausencia dun modelo de acreditación adoptado pola ICANN, todas as solicitudes de información serán avaliadas individualmente.

Conservación dos datos

Os datos rexistrados son borrados sen retraso indebido se e na medida en que o motivo da recollida de datos chegou ao seu fin ou cesou a súa existencia. Os datos procesados por nós serán eliminados a máis tardar trala expiración dos períodos de conservación regulamentado. Adherímonos aos requirimentos do Art. 17, 18 GDPR.

Teña en conta que pode haber períodos de conservación requiridos pola ICANN. O rexistro de datos pode necesitar estar almacenado por un período dun (1) ano tralo final do rexistro de nome de dominio polas partes involucradas.

Os seguintes dereitos poden ser reclamados contra o controlador:

- Dereito ao acceso pola persoa interesada, Art. 15 GDPR
- Dereito á rectificación, Art. 16 GDPR. A modificación será solicitada ao seu Rexistrador ou o seu reseller xa que o Rexistro non pode facer esa modificación de seu.

- Dereito ao borrado ("dereito a ser esquecido"), Art. 17 GDPR. Déase de conta que a solicitude de eliminación dos seus datos pode causar o borrado do seu Nome de Dominio.
- Dereito á restrición do procesamento, Art. 18 GDPR
- Dereito á portabilidade, Art. 20 GDPR
- Dereito á obxección, Art. 21 GDPR

O Rexistrante ten o dereito a presentar unha queixa cunha autoridade supervisora sobre o procesamento dos datos persoais polo controlador.

Exactitude dos datos

Vostede debe corrixir e actualizar inmediatamente calquera Dato de Rexistro incorrecto ou inadecuado durante o prazo do rexistro de nome de dominio.

Manexo do Rexistro de Datos

Nós só procesaremos os seus Datos de Rexistro de acordo coa Regulación Xeral de Protección de Datos (GDPR). E tomaremos tódalas medidas técnicas e organizativas para protexer os seus Datos de Rexistro de perdas, mal uso, acceso ou divulgación inadecuados, alteración ou destrución, así como levar a cabo outras medidas de seguridade solicitadas pola Lexislación aplicable.

7. Indemnización

O solicitante acepta carecer de calquera acción de tipo indemnizatorio contra o operador do rexistro, por calquera dano ou perda que se derive da reclamación, impugnación, acción ou demanda de terceiros sobre calquera discrepancia relativa ao rexistro e operación do nome de dominio .gal rexistrado, incluídas as disputas derivadas ou relacionadas co incumprimento da cláusula 3.

8. Modificación da política

O operador do rexistro terá dereito a modificar esta política de rexistro en calquera momento. A política de rexistro actualizada publicarase cunha antelación mínima de trinta (30) días naturais á súa entrada en vigor. A menos que esta versión da política de rexistro fora invocada pola presentación dunha reclamación ou discrepancia ao abeiro desta política, en cuxo caso a versión desta política en vigor no momento da invocación será aplicada ata a resolución da discrepancia, todas as modificacións serán vinculantes con respecto ás disputas no rexistro do nome de

dominio, con independencia de se a controversia se produciu antes, durante ou despois da data de aplicación do cambio. No caso de que o solicitante non estivera conforme con algún cambio introducido na versión da política de rexistro, sempre poderá anular o rexistro do nome de dominio .gal, mais non terá dereito ao reembolso das taxas de rexistro. A política de rexistro actualizada será de aplicación ata a anulación do rexistro do nome de dominio.

9. Lexislación aplicable e xurisdición

10.1. Esta política de rexistro rexerese polas leis galegas, españolas e europeas.

10.2. Calquera controversia legal que puidese xurdir da interpretación e execución desta Política de Rexistro será resolta polas Cortes competentes de Santiago de Compostela.

10. Lingua

11.1. Esta Política de Rexistro foi redactada en Galego e Inglés.

11.2. No caso de ter dificultades na interpretación deste texto, a versión en Galego prevalecerá entre as partes.